



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Investigación Cualitativa en Investigación Clínica	Código	653862329d	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Non presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da SaúdeDereito PúblicoFisioterapia, Medicina e Ciencias BiomédicasPsicoloxía			
Coordinación	Movilla Fernandez, Maria Jesus	Correo electrónico	maria.jesus.movilla@udc.es	
Profesorado	Fernández Basanta, Sara	Correo electrónico	sara.fbasanta@udc.es	
	Movilla Fernandez, Maria Jesus		maria.jesus.movilla@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Unha vez rematada esta materia o/a estudante será capaz de integrar os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para desenvolver o deseño de unha investigación cualitativa.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e utilizar os métodos e os procesos da metodoloxía de investigación cualitativa	AI1 AI4 AI5	BI1 BI3 BI4 BI7 BI8 BI9 BI10	CI7 CI8 CI9
Identificar problemas e preguntas no ámbito clínico que requiran abordaxes a través de investigación cualitativa	AI1 AI3 AI4 AI5	BI1 BI3 BI4 BI7 BI8 BI9 BI10	CI4 CI7 CI8 CI9
Deseñar investigación cualitativa no ámbito clínico da saúde	AI1 AI3 AI4 AI5	BI1 BI3 BI4 BI7 BI8 BI9 BI10	CI4 CI7 CI8 CI9



Coñecer e utilizar os procedementos para garantir o rigor e a calidade do proceso da investigación cualitativa	AI1 AI3 AI4 AI5	BI1 BI3 BI4 BI7 BI8 BI9 BI10	CI4 CI7 CI8 CI9
Identificar e aplicar os diferentes enfoques e tradicións da investigación cualitativa	AI1 AI3 AI4 AI5	BI1 BI3 BI4 BI7 BI8 BI9 BI10	CI4 CI7 CI8 CI9

Contidos	
Temas	Subtemas
I. Fundamentos de Investigación Cualitativa (IC).	1.1. Definición paradigma. A coexistencia de paradigmas en investigación en saúde. 1.2. Características e compoñentes da IC. Investigación e investigadores/as cualitativos. ¿Por qué utilizar IC en saúde? 1.3. Deseños estruturados e deseños flexibles. ¿Qué tipo de datos se obteñen nun deseño flexible? 1.4. O deseño na IC. 1.5. Consideracions éticas en IC
II. Métodos de investigación en IC.	2.1. Fenomenoloxía. 2.2. Teoría Fundamentada. 2.3. Método etnográfico. 2.4. Método investigación-Acción-Participativa (IAP). 2.5. Método biográfico e historia de vida.



<p>III. Práctica da Investigación Cualitativa en investigación clínica.</p>	<p>3.1. Definición do problema. Formulación e delimitación do estudo. Revisión da literatura. Identificación do marco teórico.</p> <p>3.2. Pregunta de investigación.</p> <p>3.3. Muestreo e selección de informantes.</p> <p>3.4. Acceso ó campo.</p> <p>3.5. Técnicas de recollida de datos: observación, entrevistas, grupos de discusión e fontes documentais.</p> <p>3.6. Análise de datos. Concepto e especificidade da análise cualitativa. Tipos de análise cualitativa. Análise de contido temático e procedementos. Análise do discurso e procedementos. Preparación dos datos. O proceso de análise cualitativo. A codificación e a súa terminoloxía. Rexistro do proceso de análise. Programas informáticos na análise cualitativa de datos.</p>
<p>IV. Rigor, calidade e ética na investigación cualitativa en investigación clínica.</p>	<p>4.1. Debate da avaliación das investigacións cualitativas en investigación clínica.</p> <p>4.2. Criterios de avaliación da calidade das investigacións cualitativas.</p> <p>4.3. Procedementos para garantir o rigor e calidade do proceso da investigación cualitativa.</p> <p>4.4. Criterios éticos a ter en conta en investigación cualitativa.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Foro virtual	A1 A3 A5 B8 B3 B4 B10 C7	10	0	10
Traballos tutelados	A1 A3 A4 A5 B1 B8 B3 B4 B7 B9 B10 C7 C4 C8 C9	80	0	80
Portafolios do alumno	A1 A3 A4 B1 B8 B4 B10 C7 C4	30	0	30
Seminario	A4 A1 B8 B3 B4 B10 C4 C8	30	0	30
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Foro virtual	Espazo de discusión informal destinado aos estudantes para o tratamento dun tema ou problema, que se desenvolve a través dun contorno virtual de aprendizaxe mediante ferramentas de comunicación asíncrona (foro).



Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>
Portafolios do alumno	<p>É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.</p>
Seminario	<p>Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Seminario Traballos tutelados	<p>ATENCIÓN PERSONALIZADA PARA O CONXUNTO DO ALUMNADO</p> <p>A atención personalizada sirve para o seguimento da aprendizaxe de cada estudante por parte do profesorado.</p> <p>A través da titoría (presencial ou a distancia), o profesorado aborda a resolución de dúbidas e orienta ao estudo.</p> <p>A tal fin, o alumnado dispón dun horario oficial de titorías, que poderán realizarse de modo presencial ou a través dos medios institucionais da UDC de atención a distancia.</p> <p>ATENCIÓN PERSONALIZADA PARA O ALUMNADO CON DEDICACIÓN PARCIAL OU DIFICULTADES PARA CONCILIAR O ESTUDO COA VIDA FAMILIAR E/OU LABORAL</p> <p>A atención personalizada para o alumnado que, de modo xustificado, ten dificultades para conciliar o estudo coa vida familiar e/ou laboral, poderá realizarse:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Nas condicións establecidas para o conxunto do alumnado. · A demanda, previa solicitude por correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Foro virtual	A1 A3 A5 B8 B3 B4 B10 C7	Participación no foro virtual mediante un proceso de avaliación continua	10
Portafolios do alumno	A1 A3 A4 B1 B8 B4 B10 C7 C4	Cada estudante terá que elaborar de xeito individual un portfolio que recolla evidencias do proceso de aprendizaxe. As seccións do portfolio serán establecidas polo profesorado.	20
Traballos tutelados	A1 A3 A4 A5 B1 B8 B3 B4 B7 B9 B10 C7 C4 C8 C9	Avaliación dos exercicios entregados e do traballo final onde se demostre o dominio teórico-metodolóxico da materia	70



Observacións avaliación

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica? ,
?dedicación a estudo? , ?permanencia? e ?fraude académico? se rexirán de
acuerdo coa normativa académica vixente da UDC.

MATRICULA PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA.

Poderán realizar o mesmo proceso de avaliación que o descrito para
a PRIMEIRA OPORTUNIDADE ou unha proba obxectiva final sendo necesario acadar 5
puntos para superar a materia.

SEGUNDA OPORTUNIDADE E OUTRAS.

Poderán realizar o mesmo proceso de avaliación que o descrito para
a PRIMEIRA OPORTUNIDADE ou unha proba obxectiva final sendo necesario acadar 5
puntos para superar a materia.

OPORTUNIDADE ADIANTADA.

A avaliación consistirá en unha proba obxectiva sendo necesario
acadar 5 puntos para superar a materia.

MATRICULA DE HONRA.

Poderá outorgarse ás puntuacións máis elevadas superiores a
9.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Strauss A; Corbin J (2002). Bases de la Investigación Cualitativa. Colombia - Flick U (2004). Introducción a la investigación cualitativa. Madrid: Morata - Gordo López A (2008). Estrategias y prácticas cualitativas de investigación social. Madrid: Pearson Educación - Perez Serrano G (1994). Investigación cualitativa. Retos e interrogantes. Métodos. Madrid: Editorial La Muralla - Perez Serrano G (1994). Investigación Cualitativa. Retos e interrogantes. Técnicas y análisis de datos. Madrid: Editorial La Muralla - Ruiz Olabuenaga JI (2003). Metodología de la Investigación Cualitativa. Bilbao: Universidad de Deusto - Arantzamendi M; Lopez-Dicastillo O; Vivar C (2012). Investigación Cualitativa. Manual para principiantes. España: Ediciones Eunate - Denzin NK; Lincoln YS (2000). Handbook of qualitative research. Thousand Oaks: Sage - Creswell JW (2013). Qualitative inquiry & research design. SAGE - Glesne C (2016). Becoming qualitative researchers. An Introduction. Pearson - Bourgeault I; Dingwall R; Vries R (2010). The SAGE Handbook of Qualitative Methods in Health Research. SAGE
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

Uso docente do inglés: será conveniente que o alumnado teña un coñecemento básico de inglés para manexar material bibliográfico e/ou ler algún texto escrito nese idioma e, sobre todo, consultar en Internet distintas páxinas relacionadas coa materia da clase. Recoméndase que os estudantes teñan un grao de coñecemento de inglés correspondente ao nivel A2 de usuario básico, recollido no documento do Marco común europeo de referencia sobre coñecemento de idiomas (http://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/marco/cvc_mer.pdf)

Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO:

- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través da plataforma Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades docentes realizadas co alumnado.
- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas dentro da aula, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.
- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.
- Nesta materia, o profesorado, ten contraído o compromiso de aplicación da normativa da UDC ante situacións de plaxio.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías